



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE RÉXIME ESPECIAL DE DANZA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 26 de xuño de 2007, emite o seguinte ditame provisorio en relación co Proxecto de decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de danza.

- 1.- O Consello Escolar de Galicia insta á Administración educativa a incrementar o número de centros públicos que impartan as ensinanzas profesionais de réxime especial de danza.
- 2.- Tamén insta á Administración educativa a que faga as modificacións legislativas precisas para posibilitar que o alumnado que superou o grao elemental de danza non teña que facer a proba de acceso ao grao profesional de danza.
- 3.- O Consello Escolar recoméndalle á Administración educativa a que se promova o recoñecemento da especialidade de danza galega e tamén das danzas populares.
- 4.- Para os apartados 3.c, 4.c e 5.c do artigo 10º, o Consello Escolar propón **que se faga explícito en que consiste o exercicio para valorar as aptitudes musicais** das persoas aspirantes ás distintas especialidades de danza. *(Páxinas 5 e 6, liñas 36 e 48, e 4).*
- 5.- No punto 3 do artigo 15º, proponse a inclusión da expresión: “, **cualitativa**” inmediatamente despois de: “continua”. *(Páxina 7, liña 6).*
- 6.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa a necesidade de regular o acceso a estas ensinanzas para o alumnado con discapacidade, sempre que a súa discapacidade lles permita cursar as ditas ensinanzas. Nesa regulación terase en conta a autonomía dos centros.
- 7.- Tamén lle recomenda á Administración educativa que, de non crearse a especialidade de danza galega, se incrementen as horas de danza galega, especialmente na especialidade de danza española na que se atopa moi afastada do número de horas de baile flamenco e escola bolera.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

v. e pr.
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo